

A Consellería de Emprego e Igualdade ven de conceder unha subvención para a realización do proxecto do Obradoiro de Emprego de garantía xuvenil “EMPRÉGATEAPP”, que empregará e formará a 16 alumnos/as traballadores/as e comezará o 19 de xullo de 2021.

O Concello de Teo é o promotor do Proxecto e conta, para o seu desenvolvemento e execución, coa colaboración dos concellos de Boqueixón e de Vedra. O territorio destas tres entidades constitúe o ámbito de actuación do proxecto.

O obxectivo deste Obradoiro de Emprego é formar ao alumnado na especialidade **Programación con linguaxes orientados a obxectos e bases de datos relacionais**, para a creación de aplicacións para dispositivos móbiles, orientadas tanto á promoción turística das zonas de actuación como á información e comunicación dirixida ás persoas usuarias.

Este Programa de emprego está **dirixido a persoas mozas, maiores de 16 anos e menores de 30, incluídas no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia**. Ademais, as persoas que reúnan estes requisitos terán que **estar en posesión de titulación académica que lle permita realizar a formación do certificado profesional de nivel 3** (Título de Bacharelato; certificado de profesionalidade de nivel 3; Certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia e área profesional; cumprir o requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao superior ou ben superar as correspondentes probas de acceso reguladas polas administracións educativas; Ter superada a proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos e/ou de 45 anos; ter as competencias clave necesarias, de acordo co recolleito no anexo IV do real decreto 34/2008, para cursar con aproveitamento a formación correspondente ao certificado de profesionalidade.



Ademais, **as persoas candidatas deberán estar inscritas como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia** nalgún dos seguintes servizos:

320 Escola taller programa.

330 Casa de Oficio.

340 Taller de emprego.

370 Outros programas de emprego formación dual.



Lembrámoslle que para acudir ao Servizo Público de Emprego de Galicia deben solicitar primeiro unha cita previa ou darse de alta a través da páxina de emprego para o que deberán dispoñer de usuario e contrasinal.

As persoas interesadas deberán cumprir os requisitos antes do mércores 30 de xuño de 2021, data na que, previsiblemente, se solicitará a sondaxe do alumnado – traballador á oficina de Emprego Santiago Norte.

Para máis información poderán contactar cos concellos de:

- Boqueixón: 981513061 (Departamento de Emprego e Formación)
- Teo: 981815721 (Desenvolvemento Local)
- Vedra: 981814692 (Departamento de Emprego)